

# Plan Estratégico 2024-2026





# ÍNDICE

## 1 Limiar

## 2 Misión

## 5 Liñas estratéxicas

## 6 Anexo I

## 3 Visión

## 4 Valores

- 1 O estudiantado e a comunidade universitaria
- 2 A formación e a docencia no novo contexto
- 3 Os retos na política de persoal
- 4 A investigación e a innovación como motor do desenvolvemento sostible e o benestar
- 5 A senda da internacionalización
- 6 A procura de infraestruturas ecoeficientes
- 7 A USC na era da transformación dixital
- 8 A xestión eficiente dos recursos

Cadro de mando cos indicadores cuantitativos de seguimento do Plan Estratéxico

## 7 Anexo II

Listaxe dos plans sectoriais



# 1 Limiar



A [Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do sistema universitario \(LOSU\)](#) establece unha reconfiguración do sistema de xestión e gobernanza das universidades na que se fai unha referencia explícita aos plans estratéxicos destas:

### **Artigo 3 Autonomía de la Universidad**

3.2.a) “El establecimiento de las líneas estratégicas de la universidad, entre otras, en las políticas docentes, de investigación e innovación, de aseguramiento de la calidad, de gestión financiera, de personal, de estudiantado, de cultura y de internacionalización”.

### **Artigo 46 El Consejo de Gobierno**

2.a) “Promover y aprobar los planes estratégicos de la universidad a propuesta del Equipo de Gobierno”.

### **Artigo 50 El Rector o la Rectora y su Equipo de Gobierno**

50.2.d) “Definir las directrices fundamentales de la planificación estratégica de la universidad”.

O Plan Estratégico defínese baixo tres condicións de contorno:

- i. Un período de execución de tres anos, (2024 e 2026 e monitorizado anualmente) revisable ao remate nun novo contexto de goberno da USC.
- ii. Recolle as formulacións da [Programación Plurianual](#) vixente e dos diferentes plans sectorais aprobados polo CG.
- iii. Ser o marco xeral onde se acollen os plans estratéxicos das escolas e facultades.

En función da misión, visión e valores desenvólvense as liñas e obxectivos estratéxicos, que pivotan sobre os seguintes aspectos:

- |  |  |
|--|--|
| <span style="color: #4a7ebb;">■</span> 1. O estudiantado e a comunidade universitaria  | <span style="color: #00a09a;">■</span> 5. A senda da internacionalización            |
| <span style="color: #e69d00;">■</span> 2. A formación e a docencia no novo contexto  | <span style="color: #a04080;">■</span> 6. A procura de infraestruturas ecoeficientes |
| <span style="color: #70ad47;">■</span> 3. Os retos na política de persoal  | <span style="color: #e67e22;">■</span> 7. A USC na era da transformación dixital     |
| <span style="color: #e74c3c;">■</span> 4. A investigación e a innovación como motor do desenvolvemento sostible e o benestar | <span style="color: #90d190;">■</span> 8. A xestión eficiente dos recursos           |

O cadro de mando cos indicadores para monitorizar o cumprimento do Plan Estratégico procede dos usados na certificación GRI da [Memoria de Responsabilidade Social](#), no [Manual de Indicadores e Informes USC](#), no Sistema Integrado de Información Universitaria (SIIU), nos principais *rankings* estatais e internacionais de universidades, así como dos empregados para o seguimento das metas dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) recollidos na Axenda 2030.

Ademais, a maior parte dos indicadores pode especificarse por titulación ou rama de coñecemento e, polo tanto, pódense incluír nos plans estratéxicos das facultades e escolas.

Finalmente, o grupo de traballo encargado de facer a proposta do Plan Estratégico foi constituído basicamente por diversos membros do Consello de Goberno cos que se procurou a máxima representatividade dos sectores da comunidade universitaria:

[Gumersindo Feijoo Costa](#) / Vicerreitor de Transformación Dixital e Innovación

[Antonio Mosquera González](#) / Adxunto para a Calidade da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización

[M<sup>a</sup> Jesús Giráldez Fernández](#) / Decana da Facultade de Óptica e Optometría

[Roberto Bande Ramudo](#) / Decano da Facultade de Administración e Dirección de Empresas

[Juan Manuel Garrido Fernández](#) / Director do Departamento de Enxeñaría Química

[Minia García Angulo](#) / Representante do persoal técnico de xestión de administración e servizos

[Daniel Chapela Durán](#) / Representante do estudiantado

[Rosa M<sup>a</sup> Crujeiras Casais](#) / Representante do profesorado doutor con vinculación permanente

[Elías Feijó Torres](#) / Representante do profesorado doutor con vinculación permanente

[Ana Paula Losada García](#) / Representante das restantes categoría de PDI



ANTONIO LÓPEZ DÍAZ  
Reitor



## 2 Misión

A Universidade de Santiago de Compostela (USC) é unha institución pública de ensinanza superior que mediante a docencia, a investigación e a innovación se dedica á xeración, difusión e transferencia de coñecemento de xeito socialmente responsable e cunha conexión directa coas demandas e retos da sociedade galega.



## 3 Visión

A USC quere ser recoñecida como unha universidade pública de prestixio no ámbito académico e investigador, ao servizo dunha economía sostible e do benestar social e cultural da sociedade galega, exemplar na xestión dos seus recursos e participada democraticamente polos membros da súa comunidade ao redor dun proxecto universitario compartido:

- Unha universidade que siga a destacar pola súa oferta académica atractiva, capaz de captar o mellor estudiantado e permitir unha formación continua dos titulados, e por soste unha actividade investigadora innovadora, de excelencia e conectada coas demandas da nosa contorna para proxectarse como unha universidade de referencia internacional.
- Unha universidade útil firmemente comprometida coa sociedade, na cal actúa como motor da economía circular e o benestar social, sendo un referente da cooperación social, a transición ecolóxica, o respecto polo medio e a creación e a difusión de cultura.
- Unha universidade exemplar na xestión transparente e ecoeficiente cos seus recursos; sa-neada economicamente; integradora e colaborativa, que vincula as súas diferentes unidades nunha estratexia universitaria compartida.
- Unha universidade gobernada de xeito democrático e participativo ao redor dun proxecto universitario común que pon no seu centro o estudiantado para achegarlle unha formación científico-técnica e cívica de calidade e que coida das condicións de traballo do seu PDI e PTXAS para poder dispor dun cadro de persoal altamente cualificado e motivado.

## 4 Valores

Máis de cincocentos anos de historia construíron unha identidade propia da USC ao redor da liberdade, a igualdade, a inclusión, a xustiza, o pluralismo, a sustentabilidade e o compromiso ético como valores inspiradores da vida universitaria. Estes valores fan da USC unha institución da sociedade galega comprometida co desenvolvemento sostible, confiable por estar gobernada con transparencia e responsabilidade social e que fai súa unha decidida defensa da igualdade entre mulleres e homes, garantindo a súa participación igualitaria na toma de decisións. Estes valores e principios concrétanse no compromiso institucional da USC:

- Coa preservación e a potenciación dos propios sinais de identidade da universidade no contexto da sociedade galega e na perspectiva da humanidade.
- Coa promoción da lingua e cultura galega.
- Co respecto aos dereitos e deberes de todas as persoas e, en particular, do noso estudiantado e das traballadoras e traballadores da USC.
- Coa procura permanente da excelencia en todas as actividades universitarias.
- Coa transparencia, o rendemento de contas, a eficiencia e a eficacia na xestión dos recursos.
- Coa formación integral do noso estudiantado como cidadáns comprometidos.
- Cunha xestión baseada no diálogo, na participación, na confianza e na responsabilidade compartida.
- Coa equidade e a supresión de todo tipo de discriminacións.
- Co fomento dunha cultura da paz.
- Coa transferencia de coñecemento á sociedade como achega ao desenvolvemento social, económico e cultural de Galicia.
- Co desenvolvemento sostible que afecta aos impactos significativos da organización sobre a economía, o medio ambiente, as persoas, incluíndo os impactos que afectan aos dereitos humanos, e como os xestiona.



# 5 Líneas estratégicas



## LIÑA ESTRATÉXICA 1 O ESTUDANTADO E A COMUNIDADE UNIVERSITARIA



“A potenciación das facultades e escolas como referentes da comunidade universitaria e, especialmente, do estudantado é o berce para orientar as titulacións ás demandas educativas e necesidades da sociedade”.

### OBXECTIVOS

- 1.1 Impulsar a visión integral na educación
- 1.2 Dinamizar a participación do estudantado na vida universitaria
- 1.3 Construír unha USC plural e diversa que garanta a igualdade e inclusión
- 1.4 Promover o uso da lingua galega
- 1.5 Adquirir os hábitos da economía circular e o compromiso fronte ao cambio climático
- 1.6 Impulsar o proxecto cultural da USC
- 1.7 Impulsar proxectos no ámbito do benestar e a saúde
- 1.8 Transmitir os valores e o sentido de pertenza á USC
- 1.9 Reforzar a orientación vocacional e laboral do estudantado

### ACCIÓNS

As accións incluídas nesta liña estratéxica serán as desenvolvidas na Programación Plurianual 2023-2026, no [III Plan Estratégico de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes \(2021- 2024\)](#) e no Plan de Acción en prol do uso da lingua galega 2024-2026 que recollen o cronograma e a responsabilidade de coordinación para cada unha delas.

### INDICADORES

INDICADORES XERAIS	OBXECTIVO 2026	INDICADORES PROPIOS DA USC	OBXECTIVO 2026
Novo ingreso en grao	<b>5.500</b> Mulleres <b>60%</b>	Participación do estudantado en actividades deportivas	<b>15%</b>
Matrícula total no mestrado	<b>2.600</b> Mulleres <b>60%</b>	Participación do estudantado en voluntariado	<b>15%</b>
Egreso en grao	<b>4.300</b> Mulleres <b>60%</b>	Participación do estudantado nos procesos electorais	<b>15%</b>
Egreso no mestrado	<b>1.300</b> Mulleres <b>60%</b>	Participación do estudantado en actividades de AOL	<b>15%</b>
Novo espazo peonil	<b>1.000 m<sup>2</sup></b> en cada Campus	Alumnado atendido pola Unidade de Atención Psicolóxica	<b>80%</b> sobre o total de solicitudes
Carril bici	<b>1.500 m</b> en cada Campus	Docencia en lingua galega	<b>1/3</b> da docencia
Pegada de carbono estimada con alcance 2	Redución do <b>8%</b> en relación á do 2022	TFG e TFM en lingua galega	Subir un <b>15%</b>
Transparencia	<b>90</b> puntos	Actividades culturais	Manter <b>30</b> actividades anuais
		Accións de inclusión	Manter <b>100%</b>



## LIÑA ESTRATÉXICA 2 A FORMACIÓN E A DOCENCIA NO NOVO CONTEXTO



“O novo contexto derivado da COVID-19 acelerou a transformación do proceso educativo co que a USC debe impulsar aquelas accións encamiñadas a unha mellora e diversificación da oferta docente”.

### OBXECTIVOS

- 2.1 Robustecer e mellorar as titulacións e a súa calidade
- 2.2 Adaptar e actualizar a oferta formativa ás necesidades da sociedade
- 2.3 Potenciar a transversalidade e cooperación interdisciplinaria da oferta normativa
- 2.4 Explorar estruturas curriculares específicas e de innovación docente
- 2.5 Formar en competencias dixitais, de igualdade e de inclusión
- 2.6 Revisar os sistemas de avaliación

### ACCIÓNS

O mapa de titulacións será unha evidencia importante de cara á consecución desta liña estratéxica, así como as propostas de mellora nos sistemas de avaliación e de medición da satisfacción coa docencia. As accións incluídas nesta liña estratéxica serán as desenvolvidas na Programación Plurianual 2023-2026, no III Plan Estratégico de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes (2021-2024) e na [Estratexia de Formación na USC](#).

### INDICADORES

INDICADORES XERAIS	OBXECTIVO 2026	INDICADORES PROPIOS DA USC	OBXECTIVO 2026
Taxa de rendemento en grao	<b>80%</b>	Oferta de microcredenciais	<b>30</b>
Abandono en 1º curso de grao	<b>12%</b>	Formación de PDI en competencias dixitais	<b>500</b>
Duración media dos estudos de grao	Max. do <b>12,5%</b> sobre a prevista da memoria	Formación de PTXAS en competencias dixitais	<b>300</b>
Razón estudiantado por profesorado	<b>12,5</b>	Formación do estudiantado en competencias dixitais	<b>1.500</b>
Inserción laboral total	<b>75%</b>	Formación do estudiantado participante en procesos de coñecemento innovadores	<b>500</b>
Inserción laboral relacionada cos estudos	<b>70%</b>	Participación do estudiantado nos sistemas de satisfacción	<b>25%</b>
		Oferta de formación en igualdade e inclusión	<b>5</b>
		Reclamacións resoltas	<b>90%</b>



## LIÑA ESTRATÉXICA 3 OS RETOS NA POLÍTICA DE PERSOAL



“Garantir a remuda xeracional é probablemente o desafío máis importante que a Universidade de Santiago de Compostela terá que afrontar nos vindeiros anos”.

### OBXECTIVOS

- 3.1 Renovar, estabilizar e promocionar os cadros docentes da Universidade
- 3.2 Adaptar as estruturas de PTXAS e os servizos de apoio
- 3.3 Formular a cuantificación efectiva das actividades docentes investigadoras e de xestión e integrais no horario de traballo
- 3.4 Desenvolver a carreira investigadora

### ACCIÓNS

A aposta pola renovación, a estabilización e a promoción do persoal é a meta clave nesta liña estratéxica. A definición da regulación horaria docente é un elemento que permitiría a conciliación e a optimización dos recursos humanos e materiais. As accións a desenvolver son as incluídas na Programación Plurianual 2023-2026, [Plan Plurianual de Profesorado 2024-2025](#), Plan de Accións 2022-2025 da Estratexia de Recursos Humanos para Profesionais da Investigación ([selo HRS4R](#)), [Plan de PTXAS](#) que recolle especificamente o cronograma e a responsabilidade de coordinación.

### INDICADORES

INDICADORES XERAIS	OBXECTIVO 2026
PDI ETC total en centros propios	<b>80%</b>
PDI muller permanente	<b>50%</b> PPL, PCD e TU <b>40%</b> CU
PDI permanente (desagregado capítulo I e VI)	Atinxir o <b>75%</b>
Idade media do PDI e PTXAS	<b>50</b> anos
PDI menor de 35 anos	<b>5,5%</b> global <b>3,7%</b> Homes <b>6%</b> Mulleres
Sexenios do PDI	<b>3.200</b>
PTXAS ETC	<b>1.200</b> Mulleres <b>60%</b>
PTXAS menor de 35 anos	<b>2%</b> global <b>1,8%</b> Homes <b>2,2%</b> Mulleres

INDICADORES PROPIOS DA USC	OBXECTIVO 2026
Persoal contratado ao abeiro do capítulo VI	<b>800</b>

## LIÑA ESTRATÉXICA 4: A INVESTIGACIÓN E A INNOVACIÓN COMO MOTOR DO DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE E O BENESTAR



“O período pandémico puxo enriba da mesa que unha sociedade avanzada é aquela que confía e inviste na I+D+i. É necesario continuar coa estratexia que permitiu dar pasos importantes no eido da xestión da investigación e, singularmente, ligar os obxectivos aos indicadores do [Plan Galego de Financiamento Universitario 2022-2026](#)”.

A medición do impacto da investigación considerando indicadores cuantitativos e cualitativos (impacto social) e a súa incorporación ao Portal de Investigación será un dos aspectos específicos dentro desta liña estratéxica”.

### OBXECTIVOS

- 4.1 Estructurar a investigación en centros universitarios e interuniversitarios
- 4.2 Definir e impulsar a política de transferencia da I+D+i e o emprendemento
- 4.3 Consolidar o Campus Terra
- 4.4 Promover a ciencia aberta, a ciencia cidadá nun marco de interdisciplinidade
- 4.5 Consolidar as bibliotecas como referencia na investigación

### ACCIÓNS

A elaboración dun plan de acción específico no eido da investigación e transferencia co gallo dunha avaliación por obxectivos e resultados a curto, medio e longo prazo dos grupos de investigación será unha peza clave nas tarefas a facer. As accións a desenvolver son as incluídas na Programación Plurianual 2022-2026.

### INDICADORES

INDICADORES XERAIS	OBXECTIVO 2026	INDICADORES PROPIOS DA USC	OBXECTIVO 2026
Teses totais	<b>325</b> Mulleres <b>50%</b> Con mención internacional <b>40%</b> Doutoramento industrial <b>3%</b>	Teses defendidas no Campus Terra	<b>35</b> Mulleres <b>50%</b> Con mención internacional <b>40%</b> Doutoramento industrial <b>3%</b>
Publicacións por PDI	<b>1,75</b>	Ingresos por transferencia	Incrementar un <b>10%</b>
Citas por PDI	<b>10,5</b>	Documentos no repositorio institucional Minerva	<b>22.000</b>
Ingresos por investigación	Incrementar un <b>10%</b>	Grupos de investigación avaliados por obxectivos	<b>50</b>
Patentes	<b>0,75</b> Por cada 100 profesores		



## LIÑA ESTRATÉXICA 5 A SENDA DA INTERNACIONALIZACIÓN



“A USC debe desenvolver o plan de internacionalización acorde coa vocación da institución como unha universidade aberta ao mundo e que contribúa ao fortalecemento da imaxe e visibilidade da USC no exterior no novo contexto pospandémico.

A incorporación plena á Alianza EUniWell (Universidade Europea para o Benestar) é unha das apostas fundamentais neste período, orientado á docencia e a investigación ao redor do “benestar” como concepto transversal. Este aspecto complementarase co aprofundamento na colaboración con países iberoamericanos, así como cun reforzo da colaboración cos países da lusofonía”.

### OBXECTIVOS

- 5.1 Potenciar a internacionalización como eixo transversal na Universidade
- 5.2 Reforzar o posicionamento e a visibilidade internacional da USC
- 5.3 Incrementar a internacionalización da docencia e da investigación na USC
- 5.4 Potenciar a mobilidade internacional e a internacionalización na casa
- 5.5 Promover a cooperación internacional para o desenvolvemento sostible e a solidariedade global, e a educación para a cidadanía global

### ACCIÓNS

Tanto a formación en procesos e idiomas como a procura activa de parceiros internacionais no ámbito da investigación e da transferencia será un dos aspectos a fornecer neste plan. As accións a desenvolver están incluídas no [Plan de Internacionalización 2024-2026](#) e na Programación Plurianual que recollen especificamente o cronograma e a responsabilidade de coordinación.

### INDICADORES

INDICADORES XERAIS	OBXECTIVO 2026	INDICADORES PROPIOS DA USC	OBXECTIVO 2026
Mobilidade entrante de estudiantado en titulacións de grao	Incrementar un <b>10%</b>	Mobilidade PDI	Incrementar un <b>15%</b>
Mobilidade en mestrado	Incrementar un <b>15%</b>	Mobilidade PTXAS	Incrementar un <b>15%</b>
Estudiantado internacional	<b>7%</b>	Proxectos internacionais	Incrementar un <b>15%</b>
Teses mención internacional	<b>40%</b>	Proxectos EUniWell	<b>4</b>
		Proxectos de cooperación internacional	<b>5</b>



## LIÑA ESTRATÉXICA 6 A PROCURA DE INFRAESTRUTURAS ECOEFICIENTES



“As infraestruturas deben deseñarse para optimizar a súa función e, polo tanto, ter un alto desempeño. Este aspecto debe combinarse coa racionalización e a mellora na ecoeficiencia no seu uso”.

### OBXECTIVOS

- 6.1 Optimizar a eficiencia enerxética
- 6.2 Implementar o Plan de Infraestruturas
- 6.3 Racionalizar o uso das infraestruturas

### ACCIÓNS

Comprometer a comunidade universitaria no exercicio ecoeficiente da súa actidade en consonancia co decálogo de boas prácticas da certificación GRI.

As accións a desenvolver están incluídas no [Plan de Infraestruturas](#) e na Programación Plurianual que recollen especificamente o cronograma e a responsabilidade de coordinación. Unha iluminación eficiente non contaminante será unha das actividades prioritarias.

### INDICADORES

INDICADORES XERAIS	OBXECTIVO 2026	INDICADORES PROPIOS DA USC	OBXECTIVO 2026
Consumo de auga	Reducir un <b>5%</b>	Produtividade dos paneis solares	<b>1.200</b> kWh/(ano kWp)
Consumo enerxético de electricidade	Reducir un <b>5%</b>	Restauración e renovación de espazos de docencia e investigación (m <sup>2</sup> )	<b>2.000</b>
Consumo enerxético de gas	Reducir un <b>5%</b>	Restauración e renovación de espazos de administración e servizos (m <sup>2</sup> )	<b>2.000</b>
Enerxía solar instalada	<b>500 kWp</b>	Espazos proxectados na cidade da saúde (m <sup>2</sup> )	<b>1.000</b>
Pegada de carbono	Redución do <b>8%</b>		
Monitorización do consumo enerxético	<b>25</b> puntos		



## LIÑA ESTRATÉXICA 7 A USC NA ERA DA TRANSFORMACIÓN DIXITAL



“É preciso aproveitar o impulso nos trocos realizados dende o 2020 para acelerar as accións encamiñadas a atinxir na USC unha transformación dixital que supoña unha mellora nas capacidades de servizo e interacción coa sociedade”.

### OBXECTIVOS

- 7.1 Fomentar a cultura da seguridade da información e da ciberseguridade
- 7.2 Transformar a xestión dos procesos e procedementos
- 7.3 Evolucionar cara ao uso de programas multicampus na nube sempre que sexa posible en código aberto a través de contornas accesibles e inclusivas
- 7.4 Crear aulas polivalentes
- 7.5 Potenciar os mecanismos dixitais de xestión documental

### ACCIÓNS

O coñecemento e formación de novas ferramentas dixitais que están a xurdir de xeito exponencial nos últimos anos será unha das metas clave. As accións a desenvolver nesta liñas estarán enmarcadas nas disposicións da certificación do [Esquema Nacional de Seguridade](#), no [Plan Estatal de UniDigital](#), e na Programación Plurianual 2023-2026 na que se recollen especificamente o cronograma e a responsabilidade de coordinación. Asemade, cómpre encarar a eficiencia dos sistemas e dos procesos baseados no teletraballo.

### INDICADORES

INDICADORES XERAIS	OBXECTIVO 2026	INDICADORES PROPIOS DA USC	OBXECTIVO 2026
Formación PDI en competencias dixitais	<b>500</b>	Equipos de menos de 7 anos	<b>70%</b>
Formación PTXAS en competencias dixitais	<b>300</b>	Traballo na nube	<b>10</b> unidades
Formación do estudiantado en competencias dixitais	<b>1.500</b>	Sistemas de apoio á docencia en liña	-
Dobre factor de autenticación	<b>80%</b>		



## LIÑA ESTRATÉXICA 8 A XESTIÓN EFICIENTE DOS RECURSOS



“Compre evolucionar o modelo de información na toma de decisións, pasando a ter unha visión da relación entre os ingresos e os gastos co seu impacto nos indicadores claves de desempeño. A xestión eficiente dos recursos é o pilar para atinxir estas metas”.

### OBXECTIVOS

- 8.1 Reafirmar a USC como entidade pública transparente e xestionar eficazmente a información
- 8.2 Estructurar o orzamento
- 8.3 Renovar o modelo de gobernanza dos servizos e axilizar a produción normativa
- 8.4 Promover a participación da comunidade universitaria na gobernanza da universidade
- 8.5 Descentralizar a xestión académica
- 8.6 Simplificar os procesos no ámbito de calidade

### ACCIÓNS

A automatización dos procedementos, con especial énfase na implantación e desenvolvemento do programa Docentia, aproveitando o caudal de información que nos permite aplicar as ferramentas da ciencia de datos e a intelixencia artificial, será un tema a traballar intensamente nos vindeiros anos.

A definición dunha política de comunicación interna e externa que marque os obxectivos relacionados coa forma en que a USC se comunicará coa súa comunidade e sociedade.


Os criterios e accións a desenvolver son as contempladas no *ranking* Dyntra de transparencia das universidades e as da Programación Plurianual 2023-2026.

### INDICADORES

INDICADORES XERAIS	OBXECTIVO 2026	INDICADORES PROPIOS DA USC	OBXECTIVO 2026
Transparencia	<b>90</b> puntos	Procedementos revisados e actualizados	<b>50%</b>
Grao de execución do orzamento	<b>93%</b>	Normativa revisada e/ou consolidada	<b>10</b>
		Participación do estudiantado nos procesos electorais	<b>15%</b>
		Procesos de calidade	<b>10</b>

# 6 Anexo I

## Cadro de mando cos indicadores cuantitativos para a monitorización do plan estratéxico



ID	Nome	Definición	Relación cos obxectivos
1	Novo ingreso en grao	Nº de estudantes de novo ingreso en titulacións de grao	1.1; 1.3
1a	Novo ingreso muller en grao	Nº de mulleres de novo ingreso en titulación de grao	1.1; 1.3
2	Matrícula total en mestrado	Nº de estudantes matriculados en titulacións de mestrado	1.1; 1.3
2a	Matrícula mulleres en mestrado	Nº de mulleres matriculadas en titulacións de mestrado	1.1; 1.3
3	Egreso en grao	Nº egresados/as en titulacións de grao	1.1; 1.3
4	Egreso no mestrado	Nº egresados/as en titulacións de mestrado	1.1; 1.3
5	Participación do estudantado en actividades deportivas	Porcentaxe do estudantado participante en actividades deportivas sobre o total do estudantado matriculado por curso académico	1.2; 1.3
6	Participación do estudantado en voluntariado	Porcentaxe do estudantado participante en actividades de voluntariado sobre o total de alumnado matriculado por curso académico	1.2; 1.3
7	Participación do estudantado en procesos electorais	Nº total de estudantes participantes en procesos electorais entre o nº de estudantes convocados a participar en procesos electorais por curso académico	1.2; 8.4
8	Estudiantado atendido pola Unidade de Atención Psicolóxica	Nº de estudantes atendidos pola Unidade de Atención Psicolóxica entre o nº total de solicitudes por curso académico	1.3; 1.7
9	Docencia en lingua galega	Porcentaxe do nº de horas (POD) impartidas en lingua galega por curso académico (coa excepción das titulacións onde o Galego é lingua propia, por exemplo, o Grao en Lingua e Literatura Galega)	1.4
10	TFG e TFM en lingua galega	Nº de TFG e TFM escritos e defendidos en lingua galega	1.4
11	Novo espazo peonil	Nova superficie peonil nos Campus de Lugo e Santiago en relación ao ano 2022	1.5; 1.7
12	Carril bici	Lonxitude nova do carril bici dispoñible nos Campus de Lugo e Santiago en relación ao ano 2022	1.5; 1.7
13	Pegada de carbono	Pegada de carbono estimada con alcance 2 por ano natural	1.5; 1.7; 6.1
14	Actividades culturais	Nº de actividades no ámbito cultural por curso académico	1.6
15	Transparencia	Valoración no <i>ranking</i> Dyntra de transparencia	1.8; 8.1
16	Accións de inclusión	Porcentaxe de solucións ás demandas en accións de inclusión por curso académico	1.3; 1.8
17	Participación en accións do AOL	Participación do estudantado en actividades de orientación e emprego	1.9
18	Taxa de rendemento en grao	Relación porcentual entre o nº de créditos superados e o nº de créditos matriculados	2.1
19	Abandono en 1º curso de grao	Taxa de abandono no 1º ano en titulacións de grao	2.1
20	Duración media dos estudos de grao	Suma do nº de anos que estivo matriculado o estudantado egresado en titulacións de grao entre o nº de alumnado egresado en titulacións de grao	2.1; 2.2
21	Razón estudantado por profesorado	Nº total de estudantes matriculados en estudos oficiais na USC entre o nº de PDI permanente	2.1
22	Inserción laboral total	Taxa de afiliación á seguridade social do estudantado egresado 4 anos despois do curso de saída	2.1; 2.2
23	Inserción laboral relacionada cos estudos	Taxa de afiliación á seguridade social no grupo 1 de cotización do estudantado egresado 4 anos despois do curso de saída	2.1; 2.2
24	Oferta de microcredenciais	Nº de créditos ofertados no programa de microcredenciais	2.2; 2.3; 2.4
25	Formación de PDI en competencias dixitais	Nº de PDI que participou en cursos do programa de innovación docente no ámbito das competencias dixitais	2.4; 2.5; 7.1
26	Formación PTXAS en competencias dixitais	Nº de PTXAS que participou en cursos relacionados con competencias dixitais	2.4; 2.5; 7.1; 7.2; 7.5

ID	Nome	Definición	Relación cos obxectivos
27	Formación de estudantado en competencias dixitais	Nº de estudantes en competencias dixitais	2.5; 7.1
28	Formación do estudantado en procesos de coñecemento innovadores	Nº de estudantes participantes en procesos de coñecemento innovadores	2.3; 2.5
29	Participación do estudantado nos sistemas de satisfacción	Porcentaxe media do estudantado que participa nos diversos sistemas de avaliación da satisfacción coa docencia	2.6
30	Oferta de formación en igualdade e inclusión	Nº de cursos ofertados en formación en temas de igualdade e inclusión	1.8; 2.5
31	Reclamacións resoltas	Porcentaxe de reclamacións resoltas sobre o nº total recibido na Oficina de Análise de Reclamacións	2.6
32	PDI ETC total en centros propios	Nº de PDI equivalente a tempo completo en centros propios da USC	3.1
32a	PDI ETC muller en centros propios	Nº de PDI muller equivalente a tempo completo en centros propios da USC	3.1
33	PDI muller permanente	Porcentaxe de mulleres nas categoría de profesorado permanente (Profesorado Permanente Laboral, Profesorado Contratado Doutor, Titular de Universidade, Catedrático/a de Universidade)	3.1; 3.4
33a	PDI permanente de capítulo I	Porcentaxe de PDI estabilizado en figuras contractuais de carácter permanente do capítulo I	3.1; 3.4
33b	PDI permanente de capítulo VI	Porcentaxe de PDI estabilizado en figuras contractuais de carácter permanente do capítulo VI	3.1; 3.4
34	Idade media do PDI	Idade media do PDI dos centros propios da USC	-
35	PDI de menos de 35 anos	Porcentaxe de PDI en centros propios da USC con menos de 35 anos	3.1; 3.4
35a	PDI home de menos de 35 anos	Porcentaxe do número de horas (POD) impartidas en lingua galega	3.1; 3.4
35b	PDI muller de menos de 35 anos	Porcentaxe de PDI muller en centros propios da USC con menos de 35 anos	3.1; 3.4
36	Sexenios	Nº total de sexenios do PDI	3.1; 3.4
37	PTXAS ETC	Nº de PTXAS equivalentes a tempo completo	1.5; 1.7
37a	PTXAS ETC muller	Nº de PTXAS equivalentes a tempo completo mulleres	3.2
38	Idade media PTXAS	Idade media do PTXAS de centros propios da USC	3.2
39	PTXAS menor de 35 anos	Porcentaxe de PTXAS de menos de 35 anos	3.2
39a	PTXAS home menor de 35 anos	Porcentaxe de PTXAS homes de menos de 35 anos	3.2
39b	PTXAS muller menor de 35 anos	Porcentaxe de PTXAS mulleres de menos de 35 anos	3.2
40	Persoal capítulo VI	Nº de persoas contratadas ao abeiro do capítulo VI	3.4
41	Teses totais	Nº de teses defendidas	4.1
41a	Teses mulleres	Porcentaxe de teses defendidas por mulleres	4.1
41b	Teses mención internacional	Porcentaxe de teses defendidas con mención internacional por Campus	4.1
41c	Teses doutoramento industrial	Porcentaxe de teses defendidas derivadas de doutoramento industrial	4.1; 4.2
42	Teses no Campus Terra	Nº de teses defendidas no Campus Terra	4.1; 4.3
42a	Teses mulleres no Campus Terra	Porcentaxe de teses defendidas por mulleres no Campus Terra	4.1; 4.3
42b	Teses mención internacional no Campus Terra	Porcentaxe de teses defendidas con mención internacional no Campus Terra	4.1; 4.3; 5.4
42c	Teses doutoramento industrial no Campus Terra	Porcentaxe de teses defendidas derivadas de doutoramento industrial no Campus Terra	4.1; 4.2; 4.3

ID	Nome	Definición	Relación cos obxectivos
43	Publicacións por PDI	Nº de publicación por PDI e ano reflectidas no Portal de Investigación	4.1; 4.2
44	Citas por PDI	Nº de citas por PDI e ano reflectidas no Portal de Investigación	4.1
45	Ingresos por investigación	Contía dos ingresos procedentes da investigación por ano	4.2; 4.3
46	Ingresos por transferencia	Contía dos ingresos procedentes da transferencia	4.2; 4.3
47	Patentes	Nº de patentes nacionais por cada 100 profesores	4.2
48	Documentos no repositorio institucional	Nº de documentos indexados no repositorio institucional Minerva	4.4; 4.5
49	Grupos de investigación avaliados por obxectivos	Nº de grupos de investigación avaliados por obxectivos	4.1; 4.5
50	Mobilidade entrante do estudiantado en titulacións de grao	Nº de estudantes entrantes de grao procedentes de todos os programas de mobilidade internacional por curso académico	5.1
51	Mobilidade en titulacións de mestrado	Nº de estudantes de mestrado entrantes e saíntes por curso académico de matrícula ordinaria	5.1
52	Mobilidade PDI	Nº de PDI entrante e saínte por curso académico	5.1; 5.2
53	Mobilidade PTXAS	Nº de PTXAS entrante e saínte por curso académico	5.1
54	Profesorado estranxeiro	Nº de PDI da USC que ten nacionalidade diferente da española por curso académico	5.2; 5.3; 5.4
55	Estudiantado estranxeiro	Nº de estudantes internacionais matriculados/as por curso académico	5.1; 5.2
56	Proxectos internacionais	Nº de proxectos Internacionais nos ámbitos da investigación, a innovación educativa e a cooperación territorial por ano natural	5.3; 5.4
57	Proxectos EUniWell	Nº de proxectos anuais promovidos no marco do consorcio EUniWell por curso académico	5.3
58	Consumo de auga	Consumo de auga (m <sup>3</sup> ) por ano natural	6.3
59	Proxectos de cooperación internacional	Proxectos de cooperación internacional e cidadanía global	5.5
60	Consumo enerxético de electricidade	Consumo enerxético de electricidade por ano natural	6.1
61	Consumo enerxético de gas	Consumo enerxético de gas por ano natural	6.1
62	Enerxía solar instalada	kWp instalado enerxía solar (é a cantidade máxima de enerxía que un panel solar pode xerar nun momento dado canto está exposto a unha intensidade de luz solar específica) por ano natural	6.2
63	Produtividade dos paneis solares	KWh por kWp instalado por ano natural	6.1
64	Restauración e renovación de espazos de docencia e investigación	Superficie de espazos docentes e de investigación restaurados ou renovados (m <sup>2</sup> )	6.2; 6.3
65	Restauración e renovación de espazos de administración e servizos	Superficie de espazos de administración e servizos restaurados ou renovados (m <sup>2</sup> )	6.2; 6.3
66	Espazos proxectados na cidade da saúde (m <sup>2</sup> )	Espazos proxectados na cidade da saúde (m <sup>2</sup> )	6.2
67	Monitorización do consumo enerxético	Nº de puntos en liña de medidas de consumo enerxético	6.3
68	Dobre factor de autenticación	Porcentaxe de PDI e PTXAS con dobre factor operativo	7.1
69	Equipos con menos de 7 anos	Porcentaxe de equipos informáticos con menos de 7 anos	7.1
70	Traballo na nube	Nº de unidades administrativas traballando de xeito colaborativo con ferramentas corporativas na nube	7.2; 7.5
71	Licenzas multicampus	Estudiantado cuberto con licenzas multicampus	7.3

ID	Nome	Definición	Relación cos obxectivos
72	Aulas polivalentes	Nº de aulas informáticas convencionais transformadas en polivalentes	7.4
73	WiFi 6.0	Porcentaxe de cobertura con WiFi 6.0	7.3; 7.4
74	Sistemas de apoio á docencia en liña	Sistemas de apoio á docencia en liña	7.2
75	Grao de execución do orzamento	Porcentaxe de execución do orzamento anual	8.2
76	Procedementos revisados ou actualizados	Nº de procedementos revisados ou actualizados	8.3; 8.5
77	Normativa revisada ou consolidada	Nº de regulamentos revisados ou consolidados	8.3; 8.5
78	Procesos de calidade	Nº de procedementos de calidade simplificados	8.6

# 7 Anexo II

## Listaxe de Plan Sectoriais

- ▶ [III Plan Estratégico de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes \(2021-2024\)](#)
- ▶ Certificación GRI da [Memoria de Responsabilidade Social](#)
- ▶ [Esquema Nacional de Seguridade](#)
- ▶ [Estratexia de Formación da USC \(2023-2026\)](#)
- ▶ [Manual de Indicadores e Informes USC](#)
- ▶ [Plan Estatal de UniDigital](#)
- ▶ [Plan de Accións 2022-2025 da Estratexia de Recursos Humanos para Profesionais da Investigación \(selo HRS4R\)](#)
- ▶ [Plan de Accións de Normalización Lingüística 2024-2026](#)
- ▶ [Plan de Infraestruturas](#)
- ▶ [Plan de Internacionalización \(2024-2026\)](#)
- ▶ [Plan do Persoal Técnico, de Xestión e de Administración e Servizos \(PTXAS\)](#)
- ▶ [Plan Galego de Financiamento Universitario 2022-2026](#)
- ▶ [Plan Plurianual de Profesorado 2024-2025](#)
- ▶ [Programación Plurianual 2023-2026](#)



